ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 06 DE OUTUBRO DE 2009.

No salón de sesións da Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 06 de outubro de dous mil nove, comparecen os concelleiros que deseguido se relacionan, para o obxecto de realizar, en primeira convocatoria, a sesión extraordinaria do Concello Pleno, para a que foron convocados no tempo e na forma legal.

ASISTENTES: D. Pablo López Barrera, D. Xermán Arias López, Dna. María Violeta Bernardo Vázquez, D. Francisco Javier García López, Dna. Ana María Arias Neira, D. Manuel López Vázquez, Dna. Paula Vázquez Núñez, D. José Antonio García López, Dna. Ana María López Vila, Dna. Sara Arias Vázquez, D. Manuel Sangil Iglesias, D. Luís Pardo Fernández, e D. Antonio López Rodríguez.

Preside o Sr. alcalde, D. Claudio Melquíades Garrido Martínez.

Asiste e certifica o secretario, D. José Antonio Carro Asorey.

Non asiste, de forma xustificada, a interventora Dna. Aránzazu Sastre Carracedo.

Non asiste o Concelleiro D. Jaime Íñiguez Martínez e D. Manuel Flores Peña

Aberto o acto público pola Presidencia, procédese o exame e estudo dos asuntos incluídos na orde do día, e adóptanse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA COMISIÓN INFORMATIVA SOBRE A APROBACION INICIAL DA ORDENANZA URBANÍSTICA REGULADORA DA SITUACIÓN DAS EDIFICACIÓNS EXISTENTES.

A requerimento do Alcalde-Presidente, o Secretario dá lectura da proposta dictaminada pola Comisión Informativa sobre o expediente de aprobación inicial da ORDENANZA URBANÍSTICA REGULARDORA DA SITUACIÓN DAS EDIFICIACIÓNS EXISTENTES considerando o marco regulador establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 55 e seguintes de TRDVMRL.

Aberta a deliberación, prodúcense as seguintes intervencións:

Toma a palabra o Sr. Alcalde para no nome do Grupo de Goberno e no seu lamentar a alarma xenerada e pide disculpas si estas foron promovidas polo Grupo de Goberno. Manifesta que entende a intranquilidade que pode xurdir ante a aprobación do Plan Xeral pero que a súa obriga é que este mellore a situación actual e a primeira forma de cumprir iso é precisamente cumprindo a Lei. En todos os Plans que xa están aprobados existe suficiente normativa legal como para ver que o problema de fora de ordenación, aínda que alarme, é unha situación que contempla a Lei. A Ordenanza que aquí estamos

a debater complementa o que dice o Plan por duas razóns, a primeira débese a inquietude e intranquilidade e a segunda a suspensión de licenzas, que se fixo cumprindo o Regulamento de Xestión Urbanística, de tal maneira que todas as obras que compatibilizan co novo Plan poderían ter autorización. Primeiro tense que aprobar inicialmente, logo someterase a información pública e logo aprobaríase definitivamente coa intención de integrala no Plan Xeral.

Continúa o Sr. García, que quere facer constar que o día 26 de setembro, o grupo do Partido Porpular solicitou un pleno extraordinario para solicitar a anulación, por parte do Concello, da aprobación inicial do Plan Xeral e ata día de hoxe non tiveron ningún tipo de resposta, cando por Lei se tería que ter convocado dito pleno. Para máis, o dia seguinte o Sr. Alcalde sae na prensa decindo que non entende a actitude do Partido Popular pedindo un pleno cando acabamos de ter un fai pouco. Este pleno extraordinario celébrase para aprobar unha ordenanza, unha ordenanza fora do Plan Xeral, cunha tramitación distinta e con moitas dudas acerca da súa legalidade e que non sabemos como vai a quedar. Gustaríalle saber si existe informe xurídico sobre a validez legal desta Ordenanza, segundo, se pensa mandar esa Ordenanza a Xunta de Galicia para que informe sobre o Plan Xeral xa que ahora está en encontraposición nalgúns termos con esta Ordenanza, terceiro, se a van a incluir no Plan Xeral e por último cal é validez legal do que aprobaron inicialmente. Si esta Ordenanza modifica o tenor literal da aprobación inicial do Plan Xeral a non incorporación da mesma, o texto do Plan Xeral tería efectos legais moi dudosos, porque se está a tramitar dunha forma independente o Plan Xeral, porque está en contraposición ca aprobación inicial e por outro lado porque os Tribunais de Xustiza van a entender que o que está en vigor e o Plan Xeral. Esta Ordenanza non fai que ningún edificio que estaba fora de ordenación ca aprobación inicial do Plan pase ahora a unha situación legal. Ten que quedar moi claro que esta Ordenanza so afecta a un dos problemas do Plan Xeral.

Contesta o Sr. Alcalde que cando o Grupo do Partido Popular estaba no goberno inician un Plan, pero como despois tiveron que deixar o Goberno por non obter a maioría absoluta, deixaron encarpetado e listo todo o referente o Plan Xeral; polo tanto, este é un Plan Xeral que cando o Sr. Garrido chegou o Goberno levaba casi tres anos en tramitación, encarpetado en seis carpetas e rexistrado no Concello, cos seus traballos de campo feitos e coas súas decisións tomadas; o que leva a preguntarse o Sr. Garrido si naquel momento o Partido Popular pensaba facer un Plan Xeral conforme a Lei ou pola contra non a iban a ter en conta. Ahora que o Sr. García é un Parlamentario debe ser coherente con todo isto que plantea e acudir o Parlamento para pedir que se modifique a Lei 9/2002 do 30 de decembro, debe introducir enmendas a Lei e propoñer que non haxa que facer cesións, que non sexa necesario facer zonas verdes...etc, porque o Grupo de Goberno actual o único que fai é aplicar dita Lei, gústenos ou non. Neste momento, estase na fase de aprobación inicial do Plan despois de pasar informe da Xunta, o que está claro, que un Plan Xeral ten unha tramitación conforme a Lei e nesa Lei pon que a información pública farase despois da aprobación inicial. O Plan Xeral contempla unha Ordenanza clara sobre o fora de ordenación e si cando estén introducidas todas as modificacións, tanto por parte dos propietarios coma polo feito de introducir esta Ordenanza, si os técnicos e xuristas deste Concello consideran que ten que ir tanto a información pública coma a Xunta non debe de caber a menor duda de

que así será.

Intervén o Sr. García que realiza as seguintes preguntas: Esta Ordenanza que o Grupo de Goberno quere aprobar inicialmente devolve a legalidade en que estaban os edificios de Sarria?, esta ordenanza modifica ou non modifica o que se aprobou inicialmente no Plan Xeral?, cal é a diferenza entre o que na Ordenanza se chama "fora de ordenanza" e o que a lei lle chama "fora de ordenación parcial"?. Si esta Ordenanza modifica sustancialmente o texto do Plan Xeral, o que hai que facer é integrala de forma inmeidata no texto do mesmo, suspender a tramitación do Plan e tramitar esta Ordenanza co texto para que sexa plenamente legal e os veciños teñan a posibilidade, ampliando o prazo, de saber cales son eses fora de ordenanza e cal é o réximen xurídico aplicable que está en contrariedade ca aprobación inicial. Con esta Ordenanza faise un réximen específico de licenzas en precario, co cal, o Grupo de Goberno está disposto a conceder unha licenza en precrio si o titular da licenza renuncia o valor desa licenza, o valor de expropiación e a calqueira consolidación de dereitos; todo isto, hasta que o Concello sin máis explicacións decida que se pecha o negocio e sin que o propietario teña dereito a ningunha indemnización. Unha vez máis, o Partido Popular pide que se unifique esta Ordenanza e se introduzca no Plan Xeral, que se paralize a tramitación do mesmo e se abra un novo período de exposición o público para que a xente analize esa modificación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, dice que a legalidade non se pode devolver a ningún edificio porque en ningún momento a perderon. A xurisprudencia dí que o planeamento ten que actuar alí donde se porduzca o fora de ordenación. O Sr. Alcalde cédelle a palabra o Sr. Secretario para que este comente o aspecto legal da Ordenanza.

O Sr. Secretario comenta que o Concello de Sarria tanto cando estuvo gobernado polo Sr. García como ahora, nunca perdeu un contencioso, quere isto decir, que actúa conforme a Lei. Calquer grupo que goberne se intenta asesorar da mellor maneira. En canto a tramitación da Ordenanza comenta que non encontrou impedimento legal e en canto o seu contido tampouco porque é un contido que está avalado por outro Plan Xeral, como pode ser o de Vigo, que se parece nun 90% o de Sarria e atópase aprobado pola Xunta.

Intervén o Sr. García manifestando a súa disconformidade polo feito de aprobar unha Ordenanza que non ten informe xurídico escrito que se poida estudar. Di que para o Partido Popular o problema desta Ordenanza non é a cuestión legal, aínda que manteñen que existen claras dudas da súa legalidade, o que importa e si esta Ordenanza mellora algo a situación dos veciños, se resolve os problemas que se crearon coa aprobación inicial. E unha vez máis, reitera as preguntas que formulou na súa intervención anterior.

Continúa o Sr. Alcalde que contesta que a Ordenanza fala da situación das edificacións no momento de entrada en vigor do Plan Xeral, non antes. Dice que si o Grupo de Goberno non estivese convencido de que iso soluciona o problema, esperaríamos a que houbese melloras que puidesen solucionalo.

Toma a palabra o Sr. García que volve a preguntar si a Ordenanza modifica en algo a aprobación inical do Plan Xeral.

Intervén o Sr. Alcalde para decir que él entende que a Ordenanza non no modifica; si o modificase e na tramitación do Plan fose necesario volver a Xunta, volvería. O que intenta a Ordenanza, como as licenzas están suspendidas salvo as que sexan compatibles con ambos planeamentos, é regular dita situación.

Contesta o Sr. García que é unha contradición que o Sr. Garrido leve dous días anunciando na prensa que a nova Ordenanza soluciona todos os problemas e agora recoñezca que non modifica a aprobación inicial. Procede a ler unha parte do artigo 1 da Ordenanza que di: " *Ditas edificacións poderán atoparse nalgunha das seguintes situacións: a) fora de ordenación, b) fora de ordenanza e c) conforme coa nova ordenación"* significa isto que a nova Ordenanza o único que fai e cambiarlle o nome pero non lle devolve a legalidade a ningunha edificación.

Finalizado o debate.

Vista a proposta e considerando o informe favorable da Comisión Informativa aprobado cos votos a favor do Grupo de Goberno e a abstención dos representantes do grupo municipal do Partido Popular.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista: O Alcalde, Sr. Garrido Martínez e Dna. María Violeta Bernardo Vázquez, D. Francisco Javier García López, Dna. Ana María Arias Neira, D. Manuel López Vázquez, Dna. Paula Vázquez Núñez, e do Grupo Mixto (BNG e PG), D. Pablo López Barrera, D. Xermán Arias López, e coa abstención do Grupo Municipal do Partido Popular: D. José Antonio García López, Dna. Ana María López Vila, Dna. Sara Arias Vázquez, D. Manuel Sangil Iglesias, D. Antonio López Rodríguez e D. Luis Pardo Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Aprobar inicialmente a ORDENANZA URBANÍSTICA REGULADORA DA SITUACIÓN DAS EDIFICIACIÓNS EXISTENTES

2º. Someter o expediente a información pública e dar audiencia ós interesados, por prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións y suxerencias.

3º. O Pleno coñecerá as reclamacións que se presenten. As reclamacións presentadas, dentro do prazo, resolveranse por este órgano con carácter definitivo. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional elevarase automáticamente a definitivo.

4º. O texto da ordenanza será publicado no BOP e non entrará en vigor ata que se publique completamente o texto e transcurra o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA SOBRE AS SEGUINTES SUBVENCIÓNS.

A) CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS, PROFESIONAIS E AUTÓNOMOS DE SARRIA.

A requerimento do Alcalde-Presidente, o Secretario dá lectura da proposta dictaminada pola Comisión Informativa sobre o convenio de colaboración entre o Concello de Sarria e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS, PROFESIONAIS E AUTÓNOMOS DE SARRIA, referente o desenvolvemento de actuacións dirixidas ao fomento e a promoción do comercio detallista de Sarria e a implantación dun centro comercial urbano.

Resultanto que concorren razóns extraordianrias de interese público que non permiten ou fan non convinte a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.

Aberta a deliberación, non se produciron intervéncións.

Vista a proposta e considerando o informe favorable da Comisión Informativa aprobado por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade adopta o seguinte ACORDO:

1º. Prestar aprobación ó texto do citado convenio, con aceptación de tódalas cláusulas contidas no mesmo.
2º. Conceder subvención nominativa a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS PROFESIONAIS E AUTÓNOMOS DE SARRIA, por importe de 9.000,00 euros con cargo á partida orzamentaria 761.489.01 do orzamento vixente, para a actividade e nas condicións que se regulan no mencionado convenio

3º. Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do convenio

B) CONVENIO COA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL PARA O MANTEMENTO DUN SERVIZO DE EMERXENCIAS 24 HORAS.

A requerimento do Alcalde-Presidente, o Secretario dá lectura da proposta dictaminada pola Comisión Informativa sobre o Convenio de Colaboración entre o Concello de Sarria e a AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL, para o mantemento de Emerxencias 24 de horas.

Resultanto que concorren razóns extraordianrias de interese público que non permiten ou fan non convinte a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.

Aberta a deliberación, non se produciron intervéncións.

Vista a proposta e considerando o informe favorable da Comisión Informativa aprobado por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade adopta o seguinte ACORDO:

1. Prestar aprobación ó texto do Convenio de referencia.

2. Conceder unha subvención nominativa a AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL, para o mantemento de Emerxencias 24 de horas, por importe de 25.000,00 euros, para a actividade e nas condicións que se regulan no referido Convenio, con cargo á partida orzamentaria 223.1.489.01 do orzamento vixente.

3. Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do convenio.

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA SOBRE OS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN VOLUNTARIA DE MUNICIPIOS " GALICIA INTERIOR".

A requerimento do Alcalde-Presidente, o Secretario dá lectura dos ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN VOLUNTARIA DE MUNICIPIOS " GALICIA INTERIOR".integrada pola asociación voluntaria dos municipios de O Barco de Valdeorras, Monforte de Lemos e Sarria coa finalidade de cooperación para a planificación e execución de políticas e accións na procura dun maior desenvolvemento integral e unha xestión máis eficaz dos servizos públicos.

Aberta a deliberación, prodúcense as seguintes intervencións:

Toma a palabra o Sr. Xermán que di que esta asociación xurde como ente de cooperación para a planificación e execución de políticas e accións entre os concellos de Lalín, Monforte de Lemos, Melide e O Carballiño na procura de fomento de sinerxías e complementariedades que permitan un maior desenvolvemento integral e unha xestión máis eficaz dos servizos públicos. Comenta os fins da asociciación que figuran no artigo seis dos estatutos.

O Sr. García, protesta porque non se lle deixou rematar a intervención no punto anterior pero si quere facer constar que o Partido Popular vai a facer todo o que poida para que este Plan non continúe adiante. Respecto os estatutos, considera que é unha perda de tempo porque o Concello xa está a pagar a cuota do FEGAM, da Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés, do Eixo Atlántico, e agora, crear outra asociación máis, cando nin sequera se sabe que están a facer ou en que proxectos están a traballar e o peor é que xa se anuncia van a ter que pagar os Sarrianos.

Contesta o Sr. Alcalde que o Eixo Atlántico está formado por 34 Concellos tanto do norte de Portugal como de aquí, e que se están a facer plans importantes con fondos europeos.

Intervén o Sr. García para preguntar canto lle costa esta nova asociación o Concello de Sarria e cales son os proxectos nos que está a traballar o Eixo Atlántico.

Para concluir, o Sr. Alcalde, comenta que o Eixo Atlántico é unha asociación que xestiona fondos europeos, fondos que non se poden otorgar directamente os Concellos. E por outra parte, dice que fai pouco o Ministro de Cultura pretendía que todos os camiños tivesen o mesmo trato, cousa que non se levou a cabo pola oposición que mostraron once Concellos da Mancomunidade de Municipios Galegos.

Finalizado o debate.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista: O Alcalde, Sr. Garrido Martínez e Dna. María Violeta Bernardo Vázquez, D. Francisco Javier García López, Dna. Ana María Arias Neira, D. Manuel López Vázquez, Dna. Paula Vázquez Núñez, e do Grupo Mixto (BNG e PG), D. Pablo López Barrera, D. Xermán Arias López, e co voto en contra do Grupo Municipal do Partido Popular: D. José Antonio García López, Dna. Ana María López Vila, Dna. Sara Arias Vázquez, D. Manuel Sangil Iglesias, D. Antonio López Rodríguez e D. Luis Pardo Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Prestar aprobación os Estatutos da Asociación Voluntaria de Municipios "Galicia Interior"

2º. Abrir un período de información pública polo prazo de trinta días para que se poidan presentar reclamacións, mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da provincia, e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

3. Esta aprobación provisional quedará elevada automaticamente a definitiva se durante o período de exposición pública non se presentasen reclamacións. Unha vez definitiva esta aprobación entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires de dita data.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, sendo as 21:50 horas, de que eu Secretario, certifico.

O Alcalde, O Secretario,